

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA FORMATIVO DE SERVIZOS Á FAMILIA E TRABALLO NO FOGAR DA FUNDACION GALICIA EMIGRACION

A Fundación Galicia Emigración que ten como un dos obxectivos fundamentais, “a *promoción dos colectivos vinculados aos movementos migratorios*”, pon en marcha en Lugo, un **Programa Formativo de “Servizos á Familia e Traballo no Fogar”**, co obxectivo de promover a inserción laboral e a promoción profesional dos emigrantes retornados e inmigrantes residentes en Galicia.

As presentes bases regulan o obxecto, requisitos e procedemento de selección dun máximo de **15 prazas** para a realización deste Programa.

BASES

BASE 1.- OBXECTO

A finalidade deste Programa é favorecer a inserción laboral e a promoción profesional dos emigrantes retornados e inmigrantes residentes en Galicia, a través do desenvolvemento dun Programa Formativo de “**Servizos á Familia e Traballo no Fogar**” que capacite para coidar, manter e controlar todo o relacionado co fogar e os integrantes da unidade familiar.

BASE 2.- REQUISITOS PARTICIPANTES

Poderán participar neste Programa Formativo as seguintes persoas:

- a) Emigrantes retornados residentes en Galicia, sempre que non transcorrera máis de dous anos entre a data do seu retorno a España e o inicio deste Programa Formativo.
- b) Inmigrantes residentes en Galicia, con autorización de residencia.

BASE 3.- PROGRAMA FORMATIVO

3.1.- DURACION:

Este Programa Formativo desenvolverase na localidade de Lugo, entre **setembro e outubro de 2010**, de luns a venres en horario de tarde.

A duración será de **100 horas lectivas**.

3.2.- CONTIDOS

- MÓDULO 1: **Técnicas de limpeza e coidados no fogar** (Duración 12 h.)
- MÓDULO 2: **Preparación e elaboración de menús** (Duración 12 h.)
- MÓDULO 3: **Atención e coidado dos nenos, maiores e persoas dependentes** (Duración 12 h.)
- MÓDULO 4: **Coidado de plantas e animais domésticos** (Duración 4 h.)
- MÓDULO 5: **Coidado de prendas** (Duración 12 h.)
- MÓDULO 6: **Mantemento de relacións humanas** (Duración 8 h.)
- MÓDULO 7: **Habilidades sociais e de comunicación** (Duración 8 h.)
- MÓDULO 8: **Técnicas de organización** (Duración 8 h.)
- MÓDULO 9: **Solución de imprevistos e primeiros auxilios** (Duración 8 h.)
- MÓDULO 10: **Seguridade e hixiene no traballo** (Duración 4 h.)
- MÓDULO 11: **Novas Tecnoloxías** (Duración 8 h.)
- MÓDULO 12: **Normativa laboral, economía social e métodos activos de busca de emprego** (Duración 4 h.)

BASE 4.- AXUDAS DE CUSTO DE DESPRAZAMENTOS E INCENTIVOS Á ASISTENCIA

A acción formativa é **gratuíta**.

Todos os alumnos recibirán unha axuda de **6,00 € (seis euros)** por día de asistencia efectiva á acción formativa, en concepto de axuda a tanto alzado de custo de desprazamentos e incentivos á asistencia.

Estas cantidades aboaranse a mes vencido, segundo asistencia comprobada, directamente aos alumnos en concepto de dieta a tanto alzado e mediante transferencia bancaria.

O total de axudas en estes conceptos, en ningún caso poderá superar a contía máxima de 150,00 euros (cento cincuenta euros) por alumno, o que supón un total de 2.250,00 euros (dous mil douscentos cincuenta euros) neste programa.

BASE 5.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Para poder participar neste Programa, os aspirantes enviarán un formulario de solicitude e documentación:

1.- Solicitude de preinscrición: cumprimentando o formulario establecido ao efecto no taboleiro da Fundación, e/ou na páxina web www.galiciaaberta.com, e/ou www.fundaciongaliciaemigracion.es (Anexo - 1). Esta solicitude debe ser imprimida, asinada polo solicitante e enviada, xunto coa documentación correspondente.

2.- Documentación correspondente:

- Inmigrantes: Fotocopia da Autorización para residir en España (NIE).
- Emigrantes retornados: Fotocopias do DNI e documento que acredite a condición de emigrante retornado (certificado de emigrante retornado ou baixa consular).

O envío da solicitude de preinscrición e a documentación correspondente realizarase persoalmente, por correo postal, fax ou por correo electrónico á dirección Rúa do Vilar nº 15, 15705 – Santiago de Compostela, Fax: 981-554612, correo electrónico formacion@fundaciongaliciaemigracion.es

O prazo de recepción das solicitudes de preinscrición será de quince días naturais contados a partir do día seguinte da publicación destas bases no taboleiro da Fundación, e/ou na páxina web www.galiciaaberta.com, e/ou www.fundaciongaliciaemigracion.es. As solicitudes recibidas con posterioridade a esta data, quedarán excluídas do proceso de selección deste Programa.

BASE 6.- COMISION DE SEGUIMIENTO E CONTROL

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, constituirase unha **Comisión de Seguimento e Control** formado por tres representantes da Fundación Galicia Emigración, designados polo Presidente da mesma, que serán os responsables do proceso de avaliación, selección, seguimento e interpretación do presente programa.

As candidaturas que non cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases, ou que non presenten a documentación debidamente cumprimentada, quedarán excluídas do proceso de selección.

BASE 7.- SELECCIÓN

Unha vez rematado o prazo de preinscripción, a selección dos alumnos participantes realizarase por rigoroso orden de recepción de solicitudes polas vías mencionadas na base 5, segundo conste no rexistro de entrada desta Fundación, ata cubrir as **15 prazas**.

Unha vez rematado o prazo de preinscripción, publicarase no taboleiro da Fundación, e/ou na páxina web www.galiciaaberta.com, e/ou www.fundaciongaliciaemigracion.es, unha lista cos candidatos e acompañarase unha lista de suplentes por orden de prelación para os supostos de renuncia ou non incorporación dos beneficiarios.

No caso de non acadar o número mínimo de 15 participantes, este Programa podería ser cancelado.

BASE 8.- COMPROMISOS DOS BENEFICIARIOS

Os beneficiarios estarán obrigados a:

- Suxeitarse ás normas de organización e funcionamento da Fundación Galicia Emigración.
- Observar durante todo o período formativo unha actitude e interese necesarios para o adecuado aproveitamento da formación.
- Cumprir co calendario de actividades formativas, sendo necesario para expedir o Diploma acreditativo que se acuda ao 80% da acción formativa.

BASE 9.- PUBLICIDADE

As presentes bases publicaranse no taboleiro da Fundación, e/ou na páxina web www.galiciaaberta.com, e/ou www.fundaciongaliciaemigracion.es , desde a súa aprobación e ata a finalización do presente Programa.

Así mesmo, realizarase a difusión do presente Programa, así como das súas bases, a través dun anuncio en prensa nun periódico de maior difusión de Galicia.

BASE 10.- RÉXIME XURÍDICO

A Comisión de Seguimento e Control queda facultada para resolver as incidencias que se puidesen presentar e adoptará as decisións que se estimen oportunas para a aplicación destas bases.

Para calquera discrepancia non resolta pola Comisión de Seguimento e Control, serán competentes os Xulgados e Tribunais Cívís de Santiago de Compostela, a cuxa xurisdición se someten expresamente os beneficiarios con renuncia expresa a calquera outro foro que puidese corresponderlles. A aceptación da condición de beneficiario implica a aceptación íntegra do contido destas bases.

Na tramitación destas Bases, e no que resulte de aplicación, cúmplase co preceptuado na Lei de Subvencións de Galicia e o seu Regulamento, así como co resto de lexislación estatal e autonómica vixente aplicable.

(ANEXO – 1)

PROGRAMA FORMATIVO DE SERVIZOS Á FAMILIA E TRABALLO NO FOGAR
DA FUNDACION GALICIA EMIGRACION

FICHA DE PREINSCRICION

EMIGRANTE RETORNADO - INMIGRANTE (Sinalar o que corresponda)

APELIDOS _____ NOME _____

Nº NIE / DNI _____ NACIONALIDADE _____

DATA E PAIS DE NACEMENTO _____, _____

IDADE _____ anos SEXO: MULLER HOME

ENDEREZO _____

CP _____ CIDADE/PROV _____

TFNO. FIXO _____ TFNO MOVIL _____

CORREO ELECTRÓNICO _____

De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal en adiante LOPD infórmase dos seguintes extremos: A Fundación Galicia Emigración é aos efectos da LOPD responsable dun ficheiro automatizado denominado estranxeiría, no que se inclúen os datos persoais que vostede nos facilite. O ficheiro atópase debidamente inscrito no Rexistro Xeral de Protección de Datos da Axencia Española de Protección de Datos, cuxa finalidade é obter unha base de datos co obxecto de xestionar o servizo prestado pola Fundación ao usuario. A Fundación Galicia Emigración comprométese a respectar a confidencialidade da información de carácter persoal e garantir o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, que se poden exercer mediante comunicación escrita, acompañada dunha copia do DNI ou pasaporte, dirixida ao seguinte enderezo Rúa do Villar nº 15, baixo. Santiago de Compostela (15705 - A Coruña)

Así mesmo, o abaixo asinante, outorga o seu consentimento para que os seus datos sexan tratados coa finalidade de informar sobre accións formativas, proxectos, futuros eventos e actividades promovidas dende a Fundación Galicia Emigración. En caso contrario marque a seguinte casilla

Asinado en.....de.....de 2010

Asdo.:

DOCUMENTACIÓN CORRESPONDENTE:

- Inmigrantes: Autorización para residir en España (NIE).
 Emigrantes retornados: DNI e documento que acredite a condición de emigrante retornado (certificado de emigrante retornado ou baixa consular).

O envío da solicitude de preinscrición e a documentación correspondente realizarase persoalmente, por correo postal, fax ou por correo electrónico á dirección Rúa do Vilar nº 15, 15705 – Santiago de Compostela, Fax: 981-554612, correo electrónico formacion@fundaciongaliciaemigracion.es